

Pregón do San Ramón de Vilalba, 30-8-2001

Excmas. Sras. e Excmos. Srs.; Ilmas. Sras. e Ilmos.Srs.; Señoras e Señores; Amigos todos... Gracias pola nutrida asistencia, e pola atención. ¡Felices festas a todos!

En primeiro lugar, noraboa, Raíña das Festas, polo teu fermoso reinado; noraboa a tódalas damas de honra que te acompañan; noraboa ós premiados no Certame Literario do Excmo. Concello de Vilalba, por acadar galardóns tan prestixiosos e de tanta tradición. Noraboa, vilalbesas e vilalbeses todos por poder disfrutar de novo das Festas na honra de San Ramón e Santa María.

Nunca saberá o Alcalde de Vilalba, os Concelleiros, os membros da Comisión de Festas, a honra que me fixeron designándome Pregoeira do San Ramón do Ano 2001. Pero tampouco serán capaces de imaxinar o compromiso no que me puñeron con este encargo.

Porque eu ben sei, e dígoo ó comezo, que esto non é o meu. Que esto de ser pregoeira non encaixa –ou alomenos non encaixaba ata estes momentos – nos meus esquemas, nos meus habituais cometidos tanto no meu traballo de funcionaria ó longo de moitos anos, como nos modestos labores políticos nos que – por confianza da miña xefa suprema, Doña Manuela López Besteiro – me encontro metida, e nos que procuro dar resposta ó que de min se espera.

Pero xa digo que este labor é ben diferente do que afronto tódolos días, e entrei neste difícil terreo como tanteando para non caer, sen ousar rexeitar o encargo por amizade e moitas outras razóns, procurando levalo a bo fin para que as festas non

fallen por este número do comezo; tentando tamén neste cometido tan especial non defraudar a todos vostedes.

Cando se me invitou a ser a vosa Pregoeira e Mantedora do Certame Literario, o primeiro que se me ocorreu pensar foi: “Pero se eu son de Rábade”. Coido que só o pensei un brevísimo instante e non cheguei a dicilo, porque de inmediato a miña memoria de nena e de rapaza lostregou milleiros de lembranzas dos felices tempos nesta terra do meus avós, de meu pai; nesta miña terra de Vilalba. Porque se, efectivamente, nacín en Rábade, eu vivín en Vilalba unha nenez e unha mocidade fermosísima. Restrinxida ós fins de semana e ós veráns, por mor dos estudos, sí. Pero, ¡que veráns aqueles e que festas aquelas que eu vivín nesta Vilalba!

Eu son neta de Consuelo Rego e Xosé Chao, os do Hotel Chao. Aquel Hotel era un pequeno mundo gobernado polo vello Chao. Claro que nós non lle chamabamos así, pero sí todo o pobo. E como a miña irmán e máis eu fomos as primeiras netas, ben podeades imaxinar que eramos o seu ollo dereito. E así como cos seus fillos foi un home duro e rexo, coas netas o seu carácter dulcificábase ata o indecible, facendo de nós auténticas raíñas daquela Casona, situada na carretera, que vía pasar o mundo por diante, que tiña por detrás cara á Chouzana un magnífico xardín cun maxestuoso magnolio, cuidado por miña avóa co mellor dos mimos, e que hoxe –cedido ó Concello- aínda se ergue orgulloso por terras de Guadalupe.

Eu vivía en Rábade e estudiaba en Lugo. Pero o meu ceo chamabase Vilalba. Entón, Villalba. O traslado de Rábade a Vilalba era unha odisea... Meu pai, miña nai, miña irmá e máis eu, primeiro nunha Lambretta, logo nun Biscuter, despois nun Balilla, por fin nun 4/4... Había que parar tres ou catro veces para repostar auga. Pero a viaxe era unha gozada.

No Hotel, eramos a máxima autoridade. Aínda que a familia tiña un comedor aparte, nós – as netas – comiamos no comedor do público, a pesar de que restabamos espacio para os clientes.

Para os clientes habituais, e para os amigos, veciños ou visitantes asíduos, eramos algo máis que da propia familia... E eso repercutía en óbolos verdadeiramente xenerosos, moi parecidas ás “pagas” que din os rapaces de hoxe...

Entre os “contribuíntes” máis destacados estaban Agustín López, o oculista con consulta fronte por fronte do hotel, e o Tucho de Casavedra ó que hoxe toda España e boa parte do mundo coñece co nome de Monseñor Rouco Varela: Unha peseta contante e soante. ¡Todo un capital!.

Lembro a satisfacción que ó meu avó lle producían algunhas visitas, entre elas a do máis sobranceiro vilalbés deste século, Don Manuel Fraga – Gracias pola súa vilalbesía, Sr. Presidente-; a de don Carlos Pardo ( o Jefe), cliente da Fonda Rego(parentes meus) e a que daquela era a súa moza, Sofía Cabarcos... Entre os clientes do Hotel Chao, moitos cregos e, entreles, Alfonso de la Torre... o gandeiro Lanzán... E tantos outros.

Perdoádeme todos estes recordos, tan persoais... Pero, dunha banda, teño que xustificar a miña presenza neste acto, e a miña decisión de aceptar ser Pregoeiro das festas patronais... De outra, porque creo que aquel Hotel Chao da miña nenez e mocidade foi para Vilalba algo máis que un Hotel, e que as miñas lembranzas de rapaza afectan a moita xente, e agardo reflectan vivencias dunha Vilalba que se nos foi no físico pero os que as vivimos seguimos conservándoas moi dentro.

Lembro que un verán, polas festas, o meu avó enseñoume a xogar ó Dominó, anotando con lápiz os resultados na mesa de marmol... E ás cartas: Ó Chinchón. Tiña sona de moi mal perdedor. Segundo fomos aprendendo a xogar, tivo que irse afacendo, e con nós, levábao moito mellor.

Ó sair da casa, todo un mundo... En Vilalba tiña tódalas miñas amigas. Mesmo ó lado, María José Rouco – hoxe Presidenta das Mulleres empresarias de Lugo – e o seu irmán Pepe. Xuntabamonos a xogar no “corralón” que separaba ou unía as respectivas casas.

Un pouco máis alo, Marina, prima de Malena, Carmiña e Veva dos “Jaranas”. ¡Como me gustaba ir a aquela casa!.

Hacia o outro lado, Pepita Baamonde, da casa dos Camba; as rapazas da casa das Maragatinas; miñas primas Marisa e Milagros da Fonda de Rego, con tódalas súas amigas; Luisa, da Ferretería Puentes, hoxe casada co meu primo Luís Angel Cordero; Paz, hoxe casada cun Rovira... E deixo, adrede, para o remate do capítulo de amigas, a miña gran amiga Sara Jato e a súa irmá Matilde.

Con Sara Jato iamos xogar ó xardín do Colexio de María Mediadora, colexio co que xa entón tiña unha grande relación. E con Sara iamos á súa casa onde súa mai atendía a centraliña telefónica vilalbesa, e que sempre me tivo un grande agarimo.

En aquel Vilalba do comezo e mediados dos anos sesenta, vivín inesquecibles paseos con meu Pai polas beiras do río Madalena... imborrables visitas ó Bar Roca, á farmacia de Chenchá, ós Basanta, á panadería da Porta de Cima, ou á casa de miña tía

Julia e miñas primas Laura (xa falecida) e Veviña... as sesións no Cine Parroquial ou no Teatro Vilalbés... os primeiros bailes no Casino.

Pero o “summun” era o San Ramón. Eu sabía que chegaba o San Ramón porque voltaba de Francia meu tío Ramón Luís, o pianista e xornalista, que viña cargado de regalos “exóticos” para toda a familia. Sabía que era San Ramón porque miña avó preparaba un fabuloso Pastel de hojaldre de Polo – coido que con ela se foi a súa receta- e naturalmente o roscón de almendra. De miña avoa herdei, sen dúbida, o agarimo pola cociña, e teño orgullo en dicir que non son mala cociñeira: a ela llo debo.

Dicia, en fin, que eu sabía que era San Ramón pola volta de meu tío, polas “voltas” de miña avoa pola cociña... Sabía que era San Ramón, porque mo dicía o corpo e mái-la alma; porque o pobo recendía a festa, e a festa iba en min.

Por eso, porque todo esto se me veu á cabeza de repente, non puideren nin quixen dicir que eu non podía pregoar o san Ramón de Vilalba. Dixen que sí entendendo que era moi grande a honra que se me facía, e grande tamén a responsabilidade contraída.

E que para ser honrada comigo mesma tiña que contar o que xa dixen, para razoar o meu especial vencello con esta terra e as súas xentes.

Pero neste vencello con Vilalba non tódalas lembranzas son ledas e festeiras.

A mediados dos sesenta, todo cambiou como consecuencia da morte do meu pai. Meu pai, Arturo Chao, que levou a comezos de 1965 a maior alegría da súa vida cando o entóns Ministro de Información y Turismo, Manuel Fraga Iribarne, lle

encomendou ser Inspector do seu Ministerio en Lugo, puido disfrutar moi pouco tempo do seu novo traballo. E coa súa morte a miña vida, a de miña irmá, e sobre todo a de miña nai... deu un xiro total. Miña nai incorporouse ó mundo do traballo, e eu fun estudar a Santiago, traballando algo para axudar na casa. (Gracias, Charo; sempre os Fraga axudando; sempre os vilalbeses acudindo a eles). E Vilalba sempre na lonxanía, na visita curta, no corazón.

E logo a vida, que te vai levando... Que che parece que ti a levas pero que, en definitiva, é un ten con ten. E as lembranzas quedan cada vez máis lonxe, e desaparecen os avós, e cae o vello Hotel Chao, e caso e formo unha familia, e traballo e viaxo...

Pero cando volto a Vilalba volvo a ser a pequena que corría pola carretera, que xogaba no Hotel con Estrella e con Manuela, a cociñeira... que escoitaba estasiada a Lolita Pérez tocar o magnífico piano que meu avó comprara para que meus tíos - ¡todos! - aprendesen a tocalo... Que vivía os “San Ramón” nas procesións e coas bandas, nos concertos na Alameda, nos bailes do Casino ou nos da Carretera... Que en tódalas festas se sentíu Raíña pola ledicia que a festa traía consigo.

E hoxe, tantos anos despois, quixéstedes que fose pregoeira do San Ramón de Vilalba. E hoxe síntome máis vilalbesa que nunca. E reivindico a miña vilalbesía a través de meu pai, de meus avós, e de non sei cantas xeracións máis, porque eso tense que levar nos xenes e os meus – despertos pola vosa atención – proclaman a berros o meu vencello con esta terra e coas súas festas.

Só me fai falla saber interpretar axeitadamente o que os meus xenes – xunto cos meus recordos – me están a dicir, para facer pregón xeitoso destas festas que están a comezar.

Festas que case se pregoan soas, porque Vilalba cando as festas se achegan sofre (disfruta) como unha resurrección, como unha floración especial... E estes días previos ó día grande do San Ramón, as rúas cobran maior viveza, e parece que as xentes camiñan doutro xeito máis ledos, parece se o aire estivese dicindo desde hai días: ¡Viva San Ramón!. Eu non teño máis que deixarme ir, contaxiada polo ambiente, polos aires de festa, e dicirvos como o Toniño da Ponte, Antonio García Hermida:

¡Ei, rapaces!, ceibade un atruxo,  
que no pobo hoxe hai festa tumbada,  
que hoxe hai festa na nosa viliña,  
na vila risoña,  
na nosa Vilalba.

Eu estou segura que cando viñamos hacia este magnífico auditorio que leva o nome da muller que tanto loitou porque se conseguise esta xoia para Vilalba, todos vós puidésteis comprobar este aire especial que estes días xa cobre a nosa xeografía; ese aire que nos sensibiliza e que nos fai máis ledos, como un deses reloxios que a bioloxía seica nos ten implantados no organismo e que nos marcan o tempo en escalas difíciles de medir cos instrumentos habituais.

De xeito que Vilalba e os vilalbeses teñen no tempo do San Ramón como un anual encantamento... De pequena eu oía aqueles contos que falaban de princesas encantadas; de reinos que por mor da maldición dunha bruxa quedaban durmidos

durante centos de anos; e abraiábanme os maleficios que as fadas malas podían botar... E o meu corazón de nena soñaba con fadas boas que só sabían face-lo ben.

Pois a estas alturas da vida, teño que confesar que eu sigo crendo nas boas fadas. Supoño que vos acordades daquel tempo en que cando se vía un neno, as mulleres maiores desexaban: ¡Deus te críe para boa fada!.

Eu creo nas boas fadas e coido que cada ano, ó remate de agosto, unha boa fada visita Vilalba e nos lanza un encantamento... Encantamento que comprende a todo o pobo, a toda a comarca... ás autoridades e ós veciños... ós novos e ós non tan novos... ás rúas principais e a tódalas que foron nacendo estes anos en que Vilalba medrou ata converterse na capital da Terra Chá.

Os que non crean nas fadas poden pensar que o que consegue esta atmósfera festeira é o remate do verán, a tradición, a necesidade que todos temos de dar expansión ós máis recónditos sentimentos...

Pero eu prefiro pensar que unha boa fada que vive no río, debaixo da Pena de Miguel, se encarga anualmente destes cometidos... Unha boa fada que polas noites ven desde a súa Pena de residencia ata o Castelo dos Andrade polo pasadizo soterrado que sempre se dixo que existía... e que sobe ó máis alto da coroa de pedra para deste alí ollar os seus dominios...

E cando xulga chegado o momento, coa súa variña máxica, encanta a este pobo e ás súas xentes... E ese encantamento chega a tódolos vilalbeses, esteamos onde sexa, a todo o mundo... E fainos volver, ou fainos lembrar... E fainos rir e chorar a un



tempo; e fainos lembrar, sobre todo lembrar, do fermosa que é esta terra cando toca festa; do incomparable que é Vilalba polo San Ramón.

Todo o mundo sabe que existe esta fada, pero non pensamos nela porque eso forma parte do encantamento: Non temos que buscarlle os “por que” a esta fermosura festeira de Vilalba.

De modo que, seguro, cando remate este acto e vaiamos fóra a celebrar a San Ramón, moi probablemente nos olvidemos da fada e do seu encantamento. Porque ela así o quere. Pero existe. E tennos encantados. Para sempre.